



RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE ABRIL DE 2017 PARA A TRAMITACIÓN ORZAMENTARIA, ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA E A OPERATORIA CONTABLE QUE SE DEBE SEGUIR NOS EXPEDIENTES DE GASTO RELATIVOS A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL CON FINANCIAMENTO ALLEO, DE CARÁCTER PLURIANUAL, EN QUE SE ESTABLEZA UNHA DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN, POR ANUALIDADE, ANTERIOR Á FINALIZACIÓN DO EXERCICIO ORZAMENTARIO

O 15/6/2012 ditouse unha Resolución reitoral que regula a tramitación orzamentaria e a operatoria contable que se debía seguir nos expedientes de gasto relativos á contratación laboral de persoal financiado con axudas da Xunta de Galicia de carácter plurianual, en que se establece unha data límite de xustificación por anualidade, anterior á finalización do exercicio.

As novas casuísticas, derivadas da execución dos proxectos e a contratación de persoal laboral temporal financiado con fondos alleos, fan necesario modificar a RR do 15/6/2012 e ditar unha nova resolución que recolla as circunstancias actuais. Neste momento, hai casos en que os investigadores responsables das axudas solicitan a tramitación de convocatorias de contratación de persoal laboral de capítulo VI, financiadas con cargo a proxectos de investigación, por períodos superiores a un ano. Estas situacións están determinadas polo desenvolvemento de proxectos específicos de investigación científica e técnica, dos que se fai mención na Lei da ciencia, tecnoloxía e innovación (Lei 14/2011, do 1 de xuño). Neste casos solicitan contar con persoal para levar a cabo cometidos específicos durante todo o período de execución da axuda. A formalización destes contratos implica tramitar un compromiso de gasto para dar cobertura económica ao contrato durante toda a súa vixencia, que necesariamente coincidirá coa da axuda e as condicións que nela se determinen.

Por outra banda, para os efectos do seu tratamento contable, cómpre ter en conta a situación das axudas concedidas pola Xunta de Galicia, que teñen habitualmente un período de xustificación por anualidade, anterior ao remate de cada exercicio orzamentario. Esta circunstancia tamén pode afectar a outros contratos laborais temporais, financiados con outras axudas alleas.

A necesidade de atender as situacións expostas fai necesario ditar unha nova resolución que inclúa as situacións xa recollidas na RR do 15/6/2012 e regule os novos casos que xurdiron.

En vista do que antecede, de conformidade co disposto no artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña,



RESOLVO:

Primeiro. *Ámbito de aplicación*

1. Esta Resolución reitoral aplicarase á contratación laboral de persoal financiado polas convocatorias de programas de recursos humanos, proxectos, convenios e outro tipo de axudas da Xunta de Galicia, que teñan unha data límite de xustificación anterior á finalización do exercicio de cada anualidade.
2. O período polo que se formaliza o contrato laboral supera a data límite de xustificación da anualidade do exercicio corrente que, en todo caso, estará supeditada á posibilidade de xustificación dentro da anualidade que corresponda e dentro dos prazos e condicións fixados pola normativa reguladora de cada axuda.
3. No caso de que os contratos se cofinancien con achegas públicas de diferentes procedencias, deberán efectuarse previamente as modificacións necesarias para contar con crédito axeitado e suficiente para a súa formalización. As operacións realizadas quedarán identificadas contablemente, garantido a trazabilidade do gasto e a identificación da súa procedencia.
4. Esta resolución aplicarase tamén á contratación laboral financiada con axudas plurianuais e alleas, que teñan unhas datas de execución e/ou xustificación anterior ao remate de cada exercicio orzamentario, sempre que a procedencia do financiamento sexa pública.

Segundo. Procedemento a nivel orzamentario e contable

- 1 *Exercicio corrente. Adianto parcial da anualidade futura*
Unha vez determinado o período, o importe total do contrato, as anualidades a que afecta e a súa distribución por anualidade, solicitarase, no exercicio corrente, a xeración de crédito con cargo ao ingreso futuro da anualidade seguinte (adianto). O período que se vai financiar será desde o día seguinte ao remate do prazo de xustificación da anualidade corrente ata o final do exercicio corrente; e o importe total será o total de todos os gastos derivados da contratación de persoal nese período. A xeración (adianto) minorará o importe da anualidade seguinte, na contía que corresponda. A tramitación da modificación orzamentaria (adianto) deberase facer con tempo suficiente para que súa formalización sexa previa ao período para o que se realiza.
- 2 *Requisitos da modificación*
O importe desta modificación (adianto) deberá figurar expresamente no expediente e en Universitas XXI como xeración con cargo á anualidade seguinte, dado que se integrará



na xustificación desa, polo que deberán quedar claramente determinado o financiamento e a xustificación de cada anualidade. Cómpre, así mesmo, que quede constancia nas liquidacións orzamentarias de cada exercicio nos pendentes de ingreso de cada anualidade.

3 *Compromisos futuros*

Para o financiamento do/s contrato/s na/s anualidade/s seguinte/s, tramitaranse os documentos contables de compromiso de gasto que correspondan a cada anualidade, debendo dar cobertura ao contrato durante todo o exercicio que corresponda, desde o seu inicio (1 de xaneiro) e sen que haxa interrupción na cobertura orzamentaria. Con esta finalidade elaborárase o documento plurianual. O financiamento desde o 1 de xaneiro de cada ano ata o remate do prazo anual de xustificación imputárase á anualidade que corresponda. O período comprendido desde o remate do prazo de xustificación da anualidade ata o final do exercicio financiarase con crédito da anualidade seguinte. A descrición destes períodos e o importe que corresponde a cada un deben quedar claramente reflectidos na descrición do documento plurianual.

Terceiro. Elaboración de documentos contables

Durante a vixencia do contrato e da axuda que o financia, elaboráranse cada ano os documentos que se detallan,

1. *Exercicio corrente*

Un documento contable de exercicio corrente polo importe que corresponda ao período de contratación, ao período que media entre o inicio do contrato e a data límite do prazo de xustificación establecida anualmente.

Un documento contable complementario de exercicio corrente polo importe que corresponde ao tempo de contratación que media a partir do día seguinte á data límite de xustificación e ata o final do exercicio, sen que haxa interrupción na fase contable que corresponda.

2. *Documento contable plurianual*

Un documento contable plurianual, en que se desagregarán os importes para anualidades futuras, polo importe que requira o contrato en cada anualidade. O documento plurianual formalízase desde o 1 de xaneiro, con cobertura ata o remate do exercicio, 31 de decembro, ou a data que corresponda, no caso de que o contrato venza antes de rematar o exercicio. Na elaboración do documento contable terase en conta o indicado no apartado *Segundo-3*), en relación co financiamento do/s documento/s plurianuais (o período comprendido entre o 1 de xaneiro de cada ano e o remate do prazo



anual de xustificación financiarase con cargo á anualidade que corresponda e o período desde o remate do prazo de xustificación de cada anualidade ata o final do exercicio imputarase ao crédito da anualidade seguinte. Os períodos e importes que corresponden a cada financiamento quedarán reflectidos na descrición do documento plurianual).

En todo caso, o contrato e os documentos contables que lle dan cobertura adecuaranse aos períodos plurianuais e aos límites orzamentarios da axuda concedida

Cuarto. Tramitación ao inicio de cada exercicio e actualización de documentos contables do exercicio corrente.

1. Ao inicio de cada exercicio procederase a actualizar o compromiso de gasto para financiar o contrato con cargo ao crédito do exercicio corrente (desde o 1 de xaneiro ata o remate do prazo de xustificación). Así mesmo tramitarase a xeración do crédito con cargo á anualidade seguinte, polo importe que medie entre a data límite de xustificación de cada anualidade e o remate do exercicio e actualizaranse o/s compromiso/s de futuros polas contías e anualidades que correspondan, ata o remate do contrato, seguindo o procedemento indicado no apartado terceiro.
2. Unha vez que en xaneiro do exercicio seguinte se efectúe o pago da Seguridade Social do mes de decembro anterior, deben revisarse os compromisos de gasto dese exercicio. No caso de que exista algún sobrante que corresponda a un adianto de exercicio futuros, (adianto formalizado na anualidade anterior) procederase á súa incorporación.

Os demais trámites sobre a contratación de persoal adecuaranse á normativa reguladora da axuda, ao establecido na Resolución reitoral do 6/02/2009 sobre trámites económicos e administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do Capítulo VI (proxectos de investigación, convenios, axudas), ao Acordo do 17/11/2014 sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI da UDC e á normativa vixente de aplicación en materia de contratación laboral.

Quinto. Publicación

Esta Resolución publicarase no Taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC.



Sexto. Disposición derogatoria

Esta Resolución reitoral derroga a RR do 15/6/2012.

A presente Resolución entrará en vigor o día da súa sinatura e aplicarase ás convocatorias para a contratación de persoal laboral temporal con cargo ao capítulo VI, que se estean tramitando e teñan pendentes de se intervir os contratos laborais que correspondan.

Os trámites recollidos nesta RR aplicaranse para formalizar os contratos de programas de recursos humanos, proxectos, convenios e outro tipo de axudas, con financiamento público alleo, cando a axuda sexa plurianual e teñan unha data de execución e/ou xustificación anterior ao remate de cada exercicio orzamentario.

A Coruña, 7 de abril de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso